



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO ENSINO  
SECUNDARIO  
POETA AÑÓN - 15027976

Rúa Poeta Añón, 21  
15230 - Outes (A Coruña)  
881 866 221 - [ies.poeta.anon@edu.xunta.gal](mailto:ies.poeta.anon@edu.xunta.gal)



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



*IES Poeta Añón*

# Plan de Convivencia

## CONTROL DE VERSIONS

VERSIÓN	MODIFICACIÓNS	DATA DE APROBACIÓN
v1	Versión inicial	30 - 06 - 2017
v2	Actualización ao Protocolo de Urgencias Sanitarias e ao programa Edixgal.	11 - 04 - 2019
v3	Actualización completa á LOMLOE, e revisión das NOF	13 - 11 - 2023
v4	Actualización á Orde de 4 de xaneiro de 2024 sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos.	30-01-2024

## Índice

1. XUSTIFICACIÓN.....	5
2. AVALIACIÓN INICIAL DA CONVIVENCIA.....	6
2.1. Enquisa ao alumnado.....	6
2.2. Enquisa ao profesorado.....	7
2.3. Enquisa ás familias.....	7
2.4. Enquisa ao persoal non docente.....	8
2.5. Rexistro de incidencias.....	8
2.6. Conclusións.....	9
3. OBXECTIVOS XERAIS.....	10
4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	11
5. MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN.....	12
5.1. Plan de acción tutorial.....	12
5.2. Plan de acollida do alumnado.....	14
5.3. Aula de convivencia.....	16
5.4. Buzón de convivencia.....	17
5.5. Figura da persoa mediadora.....	17
5.6. Persoa coordinadora de benestar e convivencia.....	17
5.7. A comisión de convivencia.....	18
6. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.....	18
6.1 Delegados/as e xunta de delegados/as.....	18
6.2 Profesorado.....	19
6.2.1 Dereitos do profesorado.....	19
6.2.2 Deberes do profesorado.....	20
6.3. Profesorado de Garda.....	21
6.4. Actividades complementarias e extraescolares.....	22
6.5. Alumnado.....	22
6.5.1 Dereitos.....	23
6.5.2. Deberes.....	23
6.6 Familias.....	24
6.6.1 Dereitos.....	24
6.6.2 Deberes.....	24
6.7 Persoal de administración e servizos.....	25
6.7.1 Persoal subalterno.....	25
6.7.2 Persoal administrativo.....	25
6.8. NORMAS DE CONVIVENCIA.....	26
6.8.1. Respecto ás persoas e ás cousas.....	27
6.8.2. Asistencia e puntualidade.....	29
6.8.3. Faltas de asistencia por convocatoria de “ausencia colectiva” (folga estudiantil).....	31
6.8.4. Faltas en ESA.....	33
6.8.5. Saídas do alumnado do centro e do transporte.....	33
6.9. Condutas contrarias ás normas de convivencia.....	34
6.9.1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.....	35
6.9.2. Condutas leves contrarias á convivencia.....	38
6.10. Normas para o uso de espazos e recursos.....	41
6.10.1. Aulas do programa EDIXGAL.....	41
6.10.2. Normas para a utilización da biblioteca.....	42
6.10.3. Normas para a utilización das aulas de informática.....	43
6.10.4. Normas para o uso da sala de usos múltiples.....	44
6.10.5. Normas para o emprego do material audiovisual e informático portátil.....	44



6.10.6. Normas para a utilización do servizo de reprografía.....	44
6.10.7. Normas para o uso do material e instalacións deportivas.....	45
6.10.8. Normas para o funcionamento da cafetería.....	45
6.10.9. Normas para a utilización por asociacións ou institucións externas.....	45
7. DIFUSIÓN DO PLAN ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.....	46
8. MECANISMOS DE AVALIACIÓN DO PLAN.....	46

## 1. XUSTIFICACIÓN.

A Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa sinala no seu artigo 10.1 que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenrole os fins e principios establecidos no artigo 3 da lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. Dito plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxetivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

O obxectivo fundamental da elaboración deste Plan e a súa posta en funcionamento é a mellora da convivencia no noso centro, coa participación de toda a comunidade educativa. Con este proxecto non imos evitar os conflitos, que son algo que vai unido a calquera convivencia dun grupo humano, senón que imos tratar eses conflitos de maneira que se poidan resolver de forma pacífica.

Para levar a cabo este plan débese implicar a toda a comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias. Debe formar parte fundamental do noso proxecto educativo de centro, xa que, na formación do noso alumnado debe estar o obxectivo de aprender a convivir coas demais persoas, ademais dos coñecementos propios de cada materia.

Unha prioridade da escola actual ha de ser ensinar a convivir a alumnado con intereses diferentes. No proxecto educativo do centro a educación en valores ocupa un lugar importante, valores como a democracia, o respecto, a tolerancia, a paz, a solidariedade, a responsabilidade, e todos eles deben impregnar o espírito deste plan de convivencia.

As propostas deste plan teñen como obxectivo crear un ambiente de convivencia que faga posible a educación do noso alumnado en condicións óptimas, creando unhas relacións de colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.

Se ben é certo que non podemos evitar os conflitos, si podemos mellorar a forma na que nos enfrontamos a estes para intentar resolvelos. Agora interésanos crear unha serie de mecanismos complementarios, que por un lado van intentar previr o conflito, e por outro cando este se produza van intentar solucionalo de forma pacífica, o que non será impedimento para aplicar unha sanción ás persoas implicadas se fose necesario.

Queremos destacar un obxectivo deste proxecto, que é evitar e controlar as situacións de acoso escolar, un problema moitas veces oculto aos ollos do profesorado e das propias familias, e que na versión actual de ciberacoso resulta aínda máis difícil de detectar.

A aprobación da nova lei de educación, LOMLOE, xunto coa "*LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*", desenvolvida no Decreto 8/2015, xunto

coa elaboración dos protocolos de prevención de acoso, absentismo escolar, protección de datos e protocolo de identidade de xénero fan necesario unha modificación dos apartados de dereitos e deberes e normas de convivencia deste Plan de Convivencia.

## **2. AVALIACIÓN INICIAL DA CONVIVENCIA.**

Resumimos de seguido os resultados máis relevantes postos de manifesto pola enquisa de convivencia realizada en todos os centro de Galicia durante o curso 2015/16, posto que os resultados da enquisa realizada no curso 2022/23 seguen sen estar dispoñibles no momento desta actualización do plan de convivencia.

### **2.1. Enquisa ao alumnado.**

A maior parte do alumnado, máis do 70%, responde que ten máis de 5 bos amigos no centro e non chega ao 1% o que indica que non ten ningún.

Máis do 63% está de acordo en que as instalacións centro están bastante o moi coidadas e identifican como os maiores problemas que se pintan as mesas e as paredes e se tira lixo ao chan.

En canto á forma de resolver os conflitos, indican que o máis empregado é falando entre todos, seguido de falando cos profesores en privado e co director ou xefe de estudos. En cuarto lugar aparece impondo sancións ou castigos cun 27%.

Máis do 90% do alumnado manifesta que cumpren as normas e respectan e obedecen ao profesorado bastante o moitas veces.

En canto ás condutas negativas, insultar e poñer alcumes son as máis frecuentes e prodúcense bastante o moitas veces para un 20% das respostas.

Dentro do grupo de alumnado con sancións, o máis numeroso contesta que quedou algún día sen recreo (67%), se lle retirou o móbil (33%) e só un 17% das sancións necesitaron do paso pola aula de convivencia. Sobre as decisións que se toman na clase ou no centro, as respostas do alumnado indican que expresan a súa opinión tanto na clase como directamente ao profesorado (75%).

Destes resultados podemos inferir que non existe entre o alumnado unha preocupación por problemas de acoso ou faltas graves e que a maior parte dos conflitos son resoltos dialogando, tanto co profesorado como co persoal encargado da dirección.

Tamén existe a sensación de que as instalacións e o material do centro están en boas condicións e son conscientes cando algún compañeiro non as usa de modo correcto.

## 2.2. Enquisa ao profesorado.

Máis dun 80% opina que a convivencia mellorou nos últimos tres anos.

O profesorado opina que non existen problemas de convivencia, só de xeito untual. Un 75% do profesorado pensa que ten boa formación en materia de convivencia.

O profesorado opina que os aspectos que máis influencia teñen no clima escolar son abordar a convivencia dende a prevención e traballar as normas de convivencia e os dereitos e deberes na acción titorial.

A maior parte do profesorado opina que todos os espazos do IES están regulados nas NOF e que os usuarios respectan estas normas. Tamén pensan que os materiais e as instalacións están ben coidadas a meirande parte das veces.

De forma maioritaria o profesorado considera favorable para a convivencia a difusión das normas de funcionamento e o seu tratamento no PAT.

En canto á resolución de conflitos, o profesorado é partidario do dialogo, tanto de forma individual como na titoría e implicando ás familias.

As relacións do profesorado coas familias é boa xa que escoitan ao profesorado e chegan a acordos de actuacións e amosan interese polos estudos dos fillos. Sen embargo opinan que as familias non fan un seguimento continuado da evolución escolar dos seus fillos.

Segundo o profesorado, as causas que máis inflúen na conduta do alumnado son o aumento da tolerancia da sociedade e os problemas familiares.

## 2.3. Enquisa ás familias.

Cerca dun 90% das familias esperan que os seus fillos/as obteñan un título universitario. Cerca dun 50% coñecen as NOF, PAT, Plan de convivencia e PEC.

Dos que responden, a maioría pensa que a convivencia no centro mellorou nos últimos tres anos.

As familias opinan que non existen problemas de convivencia (60,0%), só de xeito puntual (26,1%).

Cerca dun 80% das familias considera que a súa formación en materia de convivencia é boa ou moi boa e que están capacitados para definir as normas de convivencia na casa.

Máis dun 80% considera que se coidan os materiais e as instalacións do IES.

De forma case unánime manifestan que acoden ao centro cando son convocados e amosan interese polos estudos dos seus fillos, facendo un seguimento da súa evolución escolar.

Máis dun 80% contesta que fala a diario cos seus fillos sobre as súas actividades no centro e que coñecen os recursos electrónicos e dixitais que utilizan.

Tamén contestan de forma moi maioritaria que a súa relación co profesorado é boa así como a comunicación co centro.

Só un 8% recoñece a condición de vítima do seu fillo pero ningún como autor de agresións.

Das agresións padecidas todas son de tipo verbal (ameazas ou insultos, poñer alcumes, dicir mentiras sobre alguén, ...)

Máis dun 90% manifesta que apoia as decisións da titoría sobre o comportamento dos seus fillos e que están informadas dos eventos que se realizan no centro.

Máis do 90% declara estar satisfeito co centro.

A maioría é partidaria de resolver os problemas dos seus fillos falando con eles e pedindo información á titoría.

## 2.4. Enquisa ao persoal non docente.

Só un terzo declara coñecer o Plan de convivencia e o PEC.

A maioría pensa que a convivencia no centro mellorou nos últimos tres anos.

Opinan que non existen problemas de convivencia (67%), só de xeito puntual (33%). Consideran que a súa formación en materia de convivencia é boa ou moi boa.

Os aspectos que máis inflúen no clima escolar son a prevención, favorecer a participación do alumnado na solución dos problemas, traballar os dereitos e deberes na acción titorial e a aplicación rigorosa das normas de convivencia.

Recoñecen que as NOF regulan o uso dos espazos do centro e que os usuarios as respectan.

Consideran que se coidan os materiais e as instalacións do IES.

## 2.5. Rexistro de incidencias.

A análise dos **partes de incidencia** recollidos na Xefatura de Estudos ao longo do curso sérvenos para obter un perfil do alumnado que presenta máis problema de conduta. Durante o curso 2022-23 recolléronse 36 partes de incidencia que afecta a 18 alumnos/as.

Curso	Matrícula	Partes de incidencia			
		Home	Muller	Totais	%
1º ESO	34	4	0	4	11,76
2º ESO	38	6	3	9	23,68
3º ESO	34	3	1	4	11,76
4º ESO	26	1	0	1	3,84

Perfil do alumnado con partes de incidencia

- 1º, 2º e 3º de ESO
- Home
- Desmotivación



- Atraso escolar
- Mal uso RRSS e dispositivos

## **2.6. Conclusións.**

### **2.6.1. Situación actual da convivencia.**

A realidade da convivencia no noso centro non é especialmente problemática. Nas enquisas realizadas ao profesorado, alumnado e familias unha porcentaxe importante confirma que a convivencia no centro é boa.

Na actualidade o clima de convivencia no centro é bo. Aparecen moi poucos problemas serios, e os conflitos esporádicos que aparecen de cando en vez, procúranse resolver co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor na maioría dos casos.

Se analizamos a estatística dos partes de incidencia que se poñen durante un curso escolar e as sancións que deles se derivan, a pesar de que están limitados a unha porcentaxe baixa de alumnado, dámonos conta que tomar medidas para mellorar a convivencia é necesario e que debe considerarse como un obxectivo prioritario.

Aínda que os problemas de convivencia son escasos, contemplamos a presenza nas aulas dunha pequena porcentaxe de alumnado que se resiste ao esforzo e traballo escolar nas aulas, xerando ás veces certa tensión e conflictividade que perturba a marcha normal da clase.

### **2.6.2. Resposta do centro a estas situacións.**

Na actualidade no noso centro, como na maioría dos do noso ámbito, a disciplina ocupa parte do tempo e enerxía do profesorado. Sobre todo a do equipo directivo, coa tramitación de partes de incidencia, así como de actuacións de carácter sancionador dirixido cara a alumnado con comportamento inadecuado dentro ou fóra da aula.

Para iso temos unhas normas de funcionamento bastante desenvolvidas e eficaces, que van seguir funcionando con algúns retoques. As actuacións van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor e resolver conflitos, a través da participación, boas canles de comunicación e a intervención nos problemas de conduta mediante unha normativa para regular o funcionamento do centro.

Un bloque importante de actuacións están encamiñadas á prevención de conflitos e, fundamentalmente serán tratadas dentro do Plan de acción tutorial. No PAT concorren actuacións diversas para a detección de posibles problemas a nivel individual e de grupo e que

permitirán potenciar a resolución pacífica de conflitos.

Dentro das actividades complementarias tratamos sempre de fomentar valores fundamentais para unha boa convivencia como son a igualdade de xénero, actitudes de vida saudable, traballos colaborativos onde todo o alumnado poida participar, viaxes que potencian a convivencia, participación en concursos e proxectos... Este ambicioso plan require, ás veces a colaboración con institucións externas como diversas seccións do Concello de Outes 8 (CIM, servizos sociais, educadora de familia,...), RAOGAL, Plan Director para a mellora da convivencia, Proxecto medioambiental Climántica, ...

### **2.6.3. Relación coas familias e a comunidade.**

A relación coas familias é boa, con reunións de información e coordinación de carácter global e particular nas horas fixadas na programación. É relevante a actuación das titorías na coordinación coas familias.

As situacións particulares que afectan á convivencia e resolución de conflitos no centro adoita ser comentada coa familia se procede algún tipo de intervención ou información da conduta.

Tamén de forma periódica os titores e titoras manteñen charlas informativas-formativas para as familias co fin de dar pautas que melloren a educación dos seus fillos e a convivencia no centro.

### **2.6.4. Eixes xerais de actuación.**

Prevención de conflitos

Resolución pacífica dos conflitos.

Mellora das relacións familia-centro. Implicación familiar

Mellora da relación alumnado/docentes.

Educación en valores.

Acoso escolar

Marxinación ou baixa integración social

Actuación alumnado desmotivado

## **3. OBXECTIVOS XERAIS.**

Os obxectivos xerais de calquera Plan de Convivencia deben partir dos que aparecen no artigo 3 do Decreto 8/2015 que desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia.

a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma

óptima os recursos que a sociedade pón á disposición do alumnado no posto escolar.

- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións.
- e) A corresponsabilidade das familias ou das titoras e titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.
- f) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- g) O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

#### **4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.**

Ademais dos obxectivos xerais debemos priorizar unhas liñas de actuación que aborden algúns dos problemas particulares da nosa comunidade educativa.

Unha vez aprobado o Plan de convivencia consideramos fundamental que sexa coñecido por toda a comunidade educativa para que poidan ser frutíferas todas as medidas contempladas nel. Seguindo a liña do centro, toda a documentación referente ao Plan de convivencia estará dispoñible na páxina web do IES e aproveitaremos as reunións coas familias e as titorías de familias e alumnado para recordar os acordos contemplados neste documento.

Unificar os criterios de actuación do profesorado á hora de aplicar as normas de convivencia e de resolver os conflitos para que o alumnado entenda que son resultado da aplicación dunhas normas de centro e non de opinións particulares de cada profesor/a.

Incrementar a participación do alumnado na elaboración e seguimento do Plan de convivencia para que se sintan máis partícipes do mesmo.

Fomentar a xunta de delegados como órgano de decisión e de coordinación co profesorado do centro.

Aumentar a participación das familias en actividades encamiñadas a que coñezan estratexias

para a resolución de conflitos cos seus fillos, técnicas para mellorar o rendemento académico, busca de información de actividades tanto académicas como de tempo libre ás que ten acceso o alumnado.

Neste último apartado é importante o papel que xoga o departamento de orientación que achega interesante información para as familias no seu blog e que debemos intentar que sexa empregado en maior medida polas familias.

Adaptar na medida do posible o currículo ás necesidades e interese do alumnado pouco integrado no sistema de aprendizaxe para evitar que a súa desmotivación derive en problemas de conduta e que abandonen o sistema educativo sen obter unha cualificación mínima.

## 5. MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN

### 5.1. Plan de acción tutorial.

O PAT é un documento que se concreta anualmente, pero que contén sempre unhas liñas xerais moi relacionadas coa convivencia no centro.

A seguinte táboa recolle a concreción do PAT para o curso 23/24, e nela pódense ver os contidos relacionados coa convivencia e a súa temporalización. Estes contidos trabállanse todos os cursos, podendo unicamente cambiar a temporalización se a marcha do curso ou acontecementos concretos do curso así o requiren.

	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Plan de Acollida:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Acollida, transición á ESO</li> <li>- Avaliación inicial</li> <li>- Organizacizamos a titoría. Normas de convivencia e elección de delegado/a</li> </ul> </li> <li><b>23 setembro:</b> Día interenacional da bisexualidade.</li> <li>▪ <b>Programa de educación emocional</b></li> <li>▪ <b>Programa de técnicas de traballo intelectual:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprendemos a estudar</li> <li>- Organizo o estudo na casa.</li> </ul> </li> <li>▪ <b>25 novembro:</b> día internacional contra a violencia de xénero. Actividades para a prevención da violencia de xénero.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Post-avaliación:</b> revisamos resultados, propostas de mellora e compromisos.</li> <li>▪ <b>Programa de mellora da convivencia: uso responsable das novas tecnoloxías.</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 30 xaneiro: día da paz</li> </ul> </li> <li>▪ <b>8 de marzo</b> día internacional da muller.</li> <li>▪ <b>31 de marzo:</b> día internacional da visibilidade trans.</li> <li>▪ <b>Pre-avaliación.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Post-avaliación:</b> revisamos resultados, propostas de mellora e compromisos.</li> <li>▪ <b>Programa de mellora da convivencia: uso responsable das novas tecnoloxías.</b></li> <li>▪ <b>1 abril:</b> día das artes galegas.</li> <li>▪ <b>7 abril:</b> día mundial da saúde.</li> <li>▪ <b>26 abril:</b> día da visibilidadelésbica</li> <li>▪ <b>2 de maio:</b> día internacional contra o acoso escolar.</li> <li>▪ <b>Programa de orientación académica.</b></li> <li>▪ <b>10-14 maio:</b> semana das Letras Galegas.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>3 decembro:</b> día internacional das persoas con discapacidade.</li> <li>▪ <b>Pre-avaliación</b></li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>17 maio:</b> Día internacional contra a LGTBIfobia.</li> <li>▪ <b>5 de xuño:</b> día mundial do medio ambiente.</li> <li>▪ <b>Avaliación do curso e da titoría</b></li> <li>▪ <b>28 de xuño:</b> día internacional do Orgullo LGTBI</li> </ul>
2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Plan de Acollida:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Acollida.</li> <li>- Avaliación inicial.</li> <li>- Organizamos a titoría. Normas de convivencia e elección de delegado/a</li> </ul> </li> <li>▪ <b>23 setembro:</b> Día interenacional da bisexualidade.</li> <li>▪ <b>Programa de educación emocional</b></li> <li>▪ <b>Programa de técnicas de traballo intelectual:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprendemos a estudar</li> <li>- Organizo o estudo na casa.</li> </ul> </li> <li>▪ <b>25 novembro:</b> día internacional contra a violencia de xénero. Actividades para a prevención da violencia de xénero.</li> <li>▪ <b>3 decembro:</b> día internacional das persoas con discapacidade.</li> <li>▪ <b>Pre-avaliación</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Post-avaliación:</b> revisamos resultados, propostas de mellora e compromisos.</li> <li>▪ <b>Programa de mellora da convivencia.</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 30 xaneiro: día da paz</li> </ul> </li> <li>▪ <b>8 de marzo</b> día internacional da muller.</li> <li>▪ <b>31 de marzo:</b> día internacional da visibilidade trans.</li> <li>▪ <b>Pre-avaliación.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Post-avaliación:</b> revisamos resultados, propostas de mellora e compromisos.</li> <li>▪ <b>7 abril:</b> día mundial da saúde.</li> <li>▪ <b>26 abril:</b> día da visibilidadelésbica</li> <li>▪ <b>2 de maio:</b> día internacional contra o acoso escolar.</li> <li>▪ <b>10-14 maio:</b> semana das Letras Galegas.</li> <li>▪ <b>17 maio:</b> Día internacional contra a LGTBIfobia.</li> <li>▪ <b>5 de xuño:</b> día mundial do medio ambiente.</li> <li>▪ <b>Programa de orientación académica.</b></li> <li>▪ <b>Avaliación do curso e da titoría</b></li> <li>▪ <b>28 de xuño:</b> día internacional do Orgullo LGTBI.</li> </ul>
3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Plan de Acollida:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Acollida.</li> <li>- Avaliación inicial.</li> <li>- Organizamos a titoría. Normas de convivencia e elección de delegado/a</li> </ul> </li> <li>▪ <b>23 setembro:</b> Día interenacional da bisexualidade.</li> <li>▪ <b>Programa de educación emocional</b></li> <li>▪ <b>Programa de técnicas de traballo intelectual:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprendemos a estudar: elaboración de esquemas.</li> <li>- Recomendacións para preparar os exames.</li> </ul> </li> <li>▪ <b>25 novembro:</b> día internacional contra a violencia de xénero. Actividades para a prevención da violencia de xénero</li> <li>▪ <b>3 decembro:</b> día internacional</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Post-avaliación:</b> revisamos resultados, propostas de mellora e compromisos.</li> <li>▪ <b>Programa de mellora da convivencia:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 30 xaneiro: día da paz</li> </ul> </li> <li>▪ <b>Programa de promoción da igualdade:</b> 8 de marzo día internacional da muller.</li> <li>▪ <b>31 de marzo:</b> día internacional da visibilidade trans.</li> <li>▪ <b>Pre-avaliación.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Programa de promoción da saúde.</b></li> <li>▪ <b>7 abril:</b> día mundial da saúde.</li> <li>▪ <b>26 abril:</b> día da visibilidadelésbica</li> <li>▪ <b>2 de maio:</b> día internacional contra o acoso escolar.</li> <li>▪ <b>17 maio:</b> Día internacional contra a LGTBIfobia.</li> <li>▪ <b>Programa de orientación académica.</b></li> <li>▪ <b>10-14 maio:</b> semana das Letras Galegas.</li> <li>▪ <b>5 de xuño:</b> día mundial do medio ambiente.</li> <li>▪ <b>Avaliación do curso e da titoría</b></li> <li>▪ <b>28 de xuño:</b> día internacional do Orgullo LGTBI</li> </ul>

	das persoas con discapacidade. ▪ <b>Pre-avaliación</b>		
<b>4º ESO</b>	▪ <b>Plan de Acollida:</b> - Acollida. - Avaliación inicial. - Organizamos a titoría. Normas de convivencia e elección de delegado/a <b>23 setembro:</b> Día interenacional da bisexualidade. ▪ <b>Programa de educación emocional</b> ▪ <b>Programa de técnicas de traballo intelectual:</b> - Aprendemos a estudar. - Recomendacións para preparar os exames. ▪ <b>25 novembro:</b> día internacional contra a violencia de xénero. Actividades para a prevención da violencia de xénero. ▪ <b>3 decembro:</b> día internacional das persoas con discapacidade. ▪ <b>Pre-avaliación</b>	▪ <b>Post-avaliación:</b> revisamos resultados, propostas de mellora e compromisos. ▪ <b>Programa de mellora da convivencia:</b> - 30 xaneiro: día da paz ▪ <b>Programa de orientación académica libre de estereotipos de xénero.</b> ▪ <b>Programa de promoción da igualdade:</b> 8 de marzo día internacional da muller. ▪ <b>31 de marzo:</b> día internacional da visibilidade trans. ▪ <b>Pre-avaliación.</b>	▪ <b>7 abril:</b> día mundial da saúde. ▪ <b>26 abril:</b> día da visibilidadelésbica ▪ <b>2 de maio:</b> día internacional contra o acoso escolar. ▪ <b>Programa de orientación académica libre de estereotipos de xénero.</b> ▪ <b>10-14 maio:</b> semana das Letras Galegas. ▪ <b>5 de xuño:</b> día mundial do medio ambiente. ▪ <b>Avaliación do curso e da titoría</b> <b>28 de xuño:</b> día internacional do Orgullo LGTBI LGTBI
<b>ESA</b>	Información e asesoramento sobre acreditación de competencias profesionais, acceso a ciclos formativos de grao medio, técnicas de traballo intelectual.		

## 5.2. Plan de acollida do alumnado.

### A. XORNADA DE PORTAS ABERTAS (previas á entrada do alumnado no centro)

Está dirixido ao alumnado de 6º de primaria do centro adscrito, CEIP SERRA DE OUTES, para dar a coñecer o instituto ao futuro alumnado e facilitar o tránsito entre etapas.

A actividade consiste nun recibimento xeral no salón de actos por parte do equipo directivo e departamento de orientación e unha charla na que se lles explica as novidades coas que se atoparán en 1º de ESO e as actividades que realizamos no IES con fotografías das mesmas nas que poden recoñecer a compañeiros de cursos anteriores.

Rematamos cunha visita ás instalacións do centro: biblioteca, talleres, laboratorio, aulas de informática, ximnasio e, ás veces, comparten a hora do recreo co alumnado do IES e descubren a cafetería, unha das grandes novidades para eles.

Tradicionalmente a visita efectúase no mes de xuño.

Para mellorar a información sobre o alumnado realizamos reunións entre as xefaturas de

estudos e orientación do IES e do colexio adscrito ao remate do curso.

## **B. ALUMNADO DE NOVA MATRICULACIÓN**

**OBXECTIVO:** facilitar o coñecemento e a adaptación ao centro do alumno

**ÁMBITO DE APLICACIÓN:** Alumnado de nova matriculación:

**TEMPORALIZACIÓN:** principio de curso ou momento de incorporación (se esta se produce co curso comezado)

### **TITORÍAS**

- Presentación

- Desenvolver actividades de acollida.

-Actividades de prevención de conflitos e mellora da convivencia

**-Actividades de presentación:** para facilitar o coñecemento inicial e establecer relación afectivas baseadas na aceptación e no recoñecemento mutuo, para atenuar a inseguridade e o medo do novo alumnado ante un medio descoñecido.

**-Actividades de coñecemento e comunicación:** terían como obxectivo o desenvolvemento da empatía e o favorecemento do coñecemento mutuo.

## **C. ACTIVIDADES COAS FAMILIAS.**

É importante destacar a actuación coa familia dada a importancia decisiva no desenvolvemento dos seus fillos e fillas. É necesario unha estreita relación coa familia para conseguir a súa participación activa na dinámica do centro. Debe darse dende a confianza e o respecto, establecendo vías de comunicación que partan do diálogo.

Realizarase un protocolo inicial de recollida de datos achegados pola familia e outras institucións do ámbito, Servizos Sociais do Concello, que nos poderán informar sobre: a estrutura familiar, ámbito de integración social -adequación da vivenda habitual, condicións de habitabilidade, espazo habitable, hixiene...-, nivel socioeconómico, ..., coñecer tamén as expectativas respecto ou seu fillos.

Reflectiranse propostas de actuación coa familia:

- Coñecer fisicamente o centro escolar, visitando os espazos máis significativos do mesmo (dependencias administrativas, dependencias do alumnado -bibliotecas, ximnasio....-).
- Coñecer a organización e funcionamento do centro
- Organigrama do centro
- Coñecer as normas de convivencia do centro
- Participación das familias na vida escolar
- Comentarlle os dereitos e deberes das familias e a conveniencia de que exista unha

ANPA no centro que actúe como interlocutora coa dirección do IES.

Dende o plan de acción tutorial ofreceráselles información sobre:

- As características do sistema educativo e do centro
- Buscar a colaboración para a avaliación inicial
- Dinámicas que favorezan o bo desenvolvemento dos seus fillos e fillas.
- Sobre outras institución do ámbito (asociación culturais, asociación xuvenís, ANPA ...)
- Ofrecer axuda e apoio educativo en momentos de dificultade que xurdan
- O progreso académico do seu fillo e a integración no centro
- Buscar axuda e a colaboración doutras familias que xa pasasen pola mesma situación.

### **5.3. Aula de convivencia.**

No centro existe unha aula de atención educativa e convivencia para atender ao alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase.

O **uso da aula de convivencia** deberá acollerse ás seguintes normas:

- O alumnado derivado á aula de convivencia deberá dirixirse á sala de profesorado para que o profesorado de garda o acompañe á aula de convivencia. De non haber profesorado de garda dispoñible comunicárase esta situación ao equipo directivo.
- Correspóndelle ao profesorado que remita ao alumnado a esta aula establecer as tarefas que nela debe realizar, corrixilas e avalialas. Este profesorado tamén será quen decida se o motivo da saída do alumnado á aula de convivencia require dun parte de incidencia ou non.
- Correspóndelle ao profesorado de garda a custodia do alumnado que estea na aula de convivencia.
- Na sala do profesorado haberá un libro-rexistro que deberá cumprimentar o profesorado de garda.
- O profesorado que derive ao alumnado á aula de convivencia informará, se o considera conveniente, á familia indicando as causas que motivaron a derivación.
- No caso de reincidencia o/a titor/a solicitará a visita da familia para explicarlle a situación e tratar de reconducir o problema.
- De non producirse unha melloría na conduta, desde a dirección do centro citarase á familia para estudar outras posibles medidas correctoras.
- Disporase de fichas para a reflexión do alumnado sobre os feitos que ocasionaron a súa saída da aula e para que o profesorado que o atenda faga a valoración do traballo realizado e a actitude amosada polo alumnado durante a permanencia na aula de convivencia.



#### **5.4. Buzón de convivencia.**

É unha caixa de correo na que o alumnado pode deixar suxestións, queixas ou comentarios relacionados coa convivencia.

Poden poñer o nome e curso ou facelo de forma anónima, sen poñer os datos. O buzón revisarase semanalmente.

Existen folletos informativos nos que se indican as características deste servizo dirixidos a profesorado, alumnado e familias.

#### **5.5. Figura da persoa mediadora.**

Dado o baixo nivel de conflitividade e as medidas preventivas que se establecen non se considera necesaria a creación da figura de alumnado mediador. Potenciarase entre o profesorado a formación en materia de mediación para intervir nos incidentes que se presenten no centro e por se fora necesaria a súa intervención nos procedementos disciplinarios que admitan conciliación.

#### **5.6. Persoa coordinadora de benestar e convivencia**

A lei orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, no artigo 35.1 refírese á obrigatoriedade de que tódolos centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade, independentemente da súa titularidade, deben ter unha persoa coordinadora de benestar e protección do alumnado. Ao mesmo tempo, no artigo 35.2 sinala que as administracións educativas competentes determinarán os requisitos e funcións que debe desempeñar a persoa coordinadora de benestar e protección, e determinarán se estas funcións han de ser desempeñadas polo persoal xa existente no centro escolar ou por novo persoal.

A Consellería de cultura, educación, formación profesional e universidades publica no DOG do 31 de agosto de 2023 a orde, do 23 de agosto de 2023, pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

A persoa coordinadora de benestar e convivencia será designada pola dirección do centro de entre o profesorado do claustro, preferentemente con destino definitivo, por un período de dous anos, priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria.

A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persoa que ostente a dirección do centro e a súas funcións serán as establecidas na orde do 23 de agosto de 2023 publicada no DOG do 31 dese mesmo mes.

O plan de traballo da coordinación de benestar e convivencia formará parte deste plan de convivencia e será incorporado como anexo.

## 5.7. A comisión de convivencia.

A comisión de convivencia do centro terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto no plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro.

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta por un representante do alumnado, das familias, do persoal de administración e servizos e dous representantes do profesorado.

Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados.

Manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, dunha terceira parte dos seus membros.

Será informada das medidas correctoras que fosen impostas.

Elaborará un informe anual sobre a convivencia que presentará ao consello escolar.

## 6. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Todo plan de convivencia leva asociada a elaboración dunhas normas de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa como paso necesario para lograr unha correcta convivencia onde cada membro teña claras as súas obrigas e dereitos e poida realizar as tarefas con total corrección. De seguido destacamos as normas básicas que deben cumprir os diversos colectivos que compoñen a comunidade educativa e a forma de corrixir as desviacións que se produzan.

### 6.1 Delegados/as e xunta de delegados/as.

#### 6.5.

a. **O alumnado que sexa elixido delegado/a de grupo** será quen represente ao alumnado do seu grupo na Xunta de Delegados/as. Tanto estes/as coma o/a Subdelegado/a serán elixidos democraticamente polo alumnado do seu grupo durante o primeiro mes do curso, e as súas funcións serán a de representar e velar polos intereses do grupo, e facer de intermediario/a co profesorado, cos outros grupos e co equipo directivo en temas que sexan de interese xeral.

Nos primeiros días do curso, mentres non se escolla delegado, asumirá as funcións o primeiro alumno da lista de aula.

**b.** A **Xunta de Delegados/as** está integrada polos Delegados/as de cada grupo e polos representantes do alumnado no Consello Escolar.

Estará presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes. A presidencia desta Xunta será a encargada de convocar, presidir, e coordinar as reunións así como responsabilizarse de que se levante acta das reunións e facer chegar as propostas da Xunta ós distintos órganos competentes. Por operatividade, a determinadas reunións asistirán os representantes do alumnado do Equipo de Dinamización de Lingua Galega e do Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares.

A Xunta de Delegados/as terá as seguintes funcións:

- Elevar ó Equipo Directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo do Instituto, así como informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou a petición daqueles.
- Informar e ser informados, pola representación do alumnado no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso e dos temas tratados nos Consellos Escolares.
- Elaborar propostas de modificación das normas de convivencia, dentro do ámbito da súa competencia.
- Formular propostas á Xefatura de Estudos para a elaboración dos horarios e á Xefatura de Departamento de actividades complementarias e extraescolares para a organización das mesmas.

## 6.6.

### 6.2 Profesorado

Os dereitos e deberes do profesorado están recollidos no artigo 8 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

#### 6.2.1 Dereitos do profesorado.

**a)** A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

**b)** A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da

educación integral do alumnado.

- c) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da lei 4/2011.
- f) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

### **6.2.2 Deberes do profesorado**

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixiendo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás familias ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Ademais dos dereitos e deberes recollidos na Lei 4/2011 o profesorado deberá cumprir as seguintes normas:

- Xustificará as faltas de asistencia, do xeito regulamentado, **no prazo máximo dunha semana** dende que se produza.
- O horario de cada profesor será a tódolos efectos o enviado á Inspección educativa a principios de curso e non se verá alterado polas actividades realizadas no centro.
- Cando a falta de asistencia sexa prevista, avisará á Xefatura de Estudos e deixará traballo marcado ao alumnado.
  - Dúas faltas de puntualidade (máis de dez minutos de demora) significará unha falta de asistencia.
- O profesorado non permitirá, agás causa xustificada, a saída de alumnado da aula, antes do remate da hora de clase sinalada no horario. Non se consideran causas xustificadas a preparación de exames, recuperacións ou similares.
- Os cambios de hora para a realización de exames, ou por causas xustificadas que non perxudiquen ao alumnado nin ao funcionamento do centro, comunicaráse á Xefatura de Estudos e isto nunca provocará que haxa alumnado que quede sen clase.
- As observacións que queira facer a un alumno/a, que non sexan de carácter académico e que afecten á intimidade deste, deberá facelas sen a presenza doutro alumnado.
- Teñen o deber de ensinar os exames corrixidos ó alumnado e explicar as cualificacións dadas, ademais darán a coñecer os criterios de cualificacións ao comezo do curso.

### 6.3. Profesorado de Garda.

#### 6.7.

Haberá sempre, durante a xornada escolar, un ou máis profesores/as de garda, segundo as necesidades de cada momento e as disponibilidades do Centro, que terán como funcións e obrigas:

- Non se poden ausentar do Centro.
- Procurarán manter a orde no Centro, tanto nas aulas como nos corredores.
- Unha vez comprobado que todo está en orden permanecerá na sala de profesorado mentres dure a garda.
- Deberá facerse cargo do alumnado que se atope sen profesor ou que abandone a aula por motivos disciplinarios, comprobando que realice as tarefas encomendadas.
- **Deberá atender ao alumnado remitido á aula de convivencia.**
- **O alumnado nunca poderá estar só, deberá estar sempre con profesorado.**
- Fará constar no Libro de Gardas as faltas de asistencia e puntualidade do profesorado e as incidencias, se as houbese.
  - Atenderán no caso de enfermidade ou accidente ó alumnado, e resolverán, se está ó seu alcance, calquera incidencia.
  - Evitarán que o alumnado estea nos corredores ou lugares non apropiados dentro do

seu horario de clases.

- Advertirán ó alumnado que non se pode abandonar o recinto escolar.
- Resolverá no acto cantas incidencias do alumnado se produzan durante a xornada lectiva, ben informando inmediatamente a calquera dos membros do Equipo Directivo ou en ausencia destes, adoptará as medidas que estime máis oportunas.
- O profesorado que se ausente deixará traballo para que realice o alumnado durante a garda. De non existir tarefas da materia dedicarase a hora á lectura. Todas as aulas disporán dun cofre con libros para que escolla o alumnado. Ao remate cubrirase a folla que hai no cofre para rexistrar todas as actividades de lectura realizadas.

#### **6.4. Actividades complementarias e extraescolares**

Segundo o artigo 91, apartado f) da LOMLOE está entre as funcións do profesorado a "promoción, organización e participación nas actividades complementarias, dentro o fora do recinto educativo, programadas polos centros".

Cando se realicen actividades extraescolares a docencia do profesorado acompañante deberá ser cuberta, con carácter prioritario, polo profesorado que quede liberado de clases pola ausencia de alumnado. De non ser suficiente tamén participará o profesorado de garda.

O profesorado que participe nunha actividade complementaria deberá permanecer nela ata que remate independentemente do seu horario lectivo agás que poda ser substituído.

As actividades complementarias realizadas de forma gratuíta son de asistencia obrigatoria para todo o alumnado.

Durante a realización de actividades extraescolares e complementarias as persoas participantes están obrigadas ás normas en vigor no IES e o seu incumprimento pode orixinar as sancións contempladas no apartado 6.9. das NOF.

O alumnado que non asista ás actividades complementarias e extraescolares deberá acudir ao centro e participar con normalidade da xornada escolar. Serán sancionables as ausencias non xustificadas.

#### **6.5. Alumnado.**

Os dereitos e deberes do alumnado están recollidos no artigo 7 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

### **6.5.1 Dereitos.**

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da lei 4/2011 de convivencia.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.
- f) A efectuar reclamacións motivadas polas decisións da avaliación, segundo figura no artigo 13, apartado 4, do Real Decreto 732/1995.
- g) Utilización das instalacións do Centro coas limitacións desenvolvidas neste Plan.
- h) A liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de tódolos membros da comunidade educativa. Elixir, mediante sufraxio directo e secreto, os seus representantes no Consello Escolar e ós seus Delegados de grupo.
- i) En caso de accidente ou de enfermidade prolongada, o alumnado terá dereito á axuda precisa para que o accidente ou enfermidade non repercuta no rendemento escolar.
- j) A asociarse, segundo o previsto na lei 3/1987, de 2 de abril, xeral de cooperativas.

### **6.5.2. Deberes**

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
  - d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
  - e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia dos seus respectivos centros docentes.

- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir á clase con puntualidade e co material preciso.

**O incumprimento dos deberes implicará a aplicación das correccións previstas neste Plan.**

## **6.6 Familias.**

Os dereitos e deberes das familias ou titores, en relación coa educación dos seus fillos están recollidos no artigo 6 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

### **6.6.1 Dereitos.**

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

### **6.6.2 Deberes.**

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos e fillas ou pupilos/as correspóndelles:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.



## 6.7 Persoal de administración e servizos.

Dentro do respecto aos dereitos e ás obrigas marcadas pola lei, o persoal de administración e servizos desenvolverá con dilixencia o traballo que lle solicite o profesorado para cumprir co seu labor docente e realizará as tarefas que lle encomende o equipo directivo para o axeitado funcionamento do centro, cumprindo o seu horario laboral establecido por convenio, que será supervisado polo Secretario do centro.

### 6.7.1 Persoal subalterno.

Funcións reguladas na Lei 13/2007, de 26 de maio, da Función Pública de Galicia.

- Custodiar o mobiliario, máquinas, instalacións e locais.
- Controlar a entrada das persoas alleas ó centro, recibir as peticións relacionadas co mesmo e indicarlles a onde deben dirixirse.
- Apertura e peche do Centro.
- Recibir, conservar e distribuír os documentos, obxectos e correspondencia que a tales efectos lles sexan encomendados.
- Realizar , dentro do Centro, os traslados de material, mobiliario e enseres que fosen necesarios.
- Realizar os encargos relacionados co Centro que lles encomenden, dentro ou fóra do edificio.
- Manexar máquinas reprodutoras, multicopistas, fotocopiadoras, encadernadoras e outras análogas, cando sexan autorizados para iso pola Dirección
- En xeral, calquera outra tarefa de carácter análogo que por razóns do servizo se lles encomende.

### 6.7.2 Persoal administrativo.

Cumprirá as funcións reguladas na Lei da Función Pública de Galicia e as ordes que, por razón de servizo, reciba da Dirección.

Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

Son **deberes** do persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

## **6.8. NORMAS DE CONVIVENCIA.**

- Segundo a orden do 26 de abril de 1990 prohibese a venda e distribución de bebidas alcohólicas nos recintos escolares.
- A lei 28/2005 do 26 de decembro nos seus artigos 5.c e 7.d recolle, respectivamente, a prohibición de venda e distribución de tabaco e a prohibición total de fumar en "Centros docentes e formativos, independentemente da idade do alumnado e do tipo de ensino". A este respecto a Instrución nº 4/2006 da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade aclara o seguinte: "A prohibición de fumar afecta a toda a área do centro, é dicir, toda a superficie que ocupe o centro e que estea delimitada mediante vallas, muros, enreixados e outros sistemas de delimitación, incluíndo os espazos ao aire libre, situados tanto dentro como fóra das edificacións, os accesos e as comunicacións entre os mesmos".
- O alumnado poderá exercer o dereito de reunión garantido na disposición final primeira, apartado 5 da LOMLOE, preferentemente nos recreos e no local do alumnado. Para empregar calquera outra instalación do centro deberá solicitar permiso á Xefatura de Estudos a través dos seus representantes.
- A partir do terceiro curso da ESO o alumnado poderá exercer o dereito de reunión durante o horario lectivo sen que as faltas sexan obxecto de sanción. Para exercer este dereito terá que existir un acordo maioritario do alumnado e os seus delegados deberán presentar por escrito, cunha antelación de 48 horas, unha proposta xustificada ante a Xefatura de Estudos, explicando a finalidade da reunión e o tempo estimado para a mesma.

### **Comunicación de incidencias relevantes**

Cando se detecten situacións que requiran dun trato particular, ao criterio da persoa observadora, deben ser comunicadas á titoría do grupo para que sexan analizadas seguindo o procedemento habitual. Se, a xuízo da persoa titora, son da suficiente relevancia

comunicará esta situación á dirección do IES que abrirá un Incidente de Convivencia para analizar a situación e valorará as medidas a tomar. Deste procedemento e da valoración do mesmo quedará unha copia na carpeta de Convivencia situada no armario de dirección.

### **6.8.1. Respecto ás persoas e ás cousas.**

A convivencia no Centro implica o respecto a tódalas persoas que integran a Comunidade Educativa por iso temos que facer gardar unhas normas básicas.

- Débese coidar o mobiliario e as instalacións, sen ensuciar, pintar nin deteriorar chan, mesas, paredes, nin calquera material do instituto. **Con carácter mensual empregárase a hora de titoría para valorar o estado da aula e tomar as medidas oportunas para que permaneza en bo estado.**
- Respetar a intimidade persoal e as pertenzas individuais.
- No centro, e en especial nas aulas, deberase gardar a orde debida e comportarse educadamente, evitando o uso de palabras malsoantes ou degradantes.
- Ningún membro da Comunidade Educativa deberá tirar lixo ó chan en todo o recinto escolar (pipas, chicles, papeis, etc.).
- Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos **dentro do recinto escolar.**
- Para avisos urxentes o alumnado poderá empregar o teléfono do centro solicitando permiso na administración.
- O profesorado poderá autorizar o uso do móbil como ferramenta pedagóxica dentro da aula e baixo a súa supervisión. Será penalizada a gravación de imaxes ou sons que non cumpran este requisito.
- Co fin de evitar molestias débense desconectar os teléfonos móbiles antes de entrar no instituto.
- No momento de efectuar a matrícula, as familias do alumnado que así o desexen asinarán unha autorización para o uso das imaxes gravadas do alumnado para a súa utilización con fins académicos así como para a exposición na páxina web do centro, blogs dos departamentos, instagram da biblioteca e publicación na prensa das actividades realizadas.
- No caso dos festivais que se celebren dentro do recinto do IES (entroido, magosto, fin de curso,...) serán gravados unicamente empregando os medios do centro e poderán facilitarse ao alumnado que o solicite para o seu uso totalmente particular.
- Nas horas de clase non está permitida a presenza de alumnado fóra das aulas. O

profesorado poderá empregar a técnica de tempo fóra da aula por un máximo de 10 minutos e baixo a súa supervisión.

- Durante os exames o alumnado non poderá abandonar a aula ata o remate da sesión para non perturbar o normal desenvolvemento da actividade académica.
- Non se pode acceder á cafetería entre clases nin despois de soar o timbre para entrar nas aulas.
- Durante os cambios de clase, o alumnado non poderá saír da aula agás nos casos que teña que trasladarse para recibir docencia noutra aula.
- Ningún docente autorizará saídas ao baño do alumnado durante os cambios de clase para evitar que se incremente o número de alumnado que circula polos corredores. Unha vez comezada a clase o profesorado poderá autorizar as saídas que considere urxentes evitando que saia máis dun/ha alumno/a ao mesmo tempo para evitar incidentes nos baños.
- Non se pode entrar con comida nin bebida nas aulas do centro.
- A entrada e saída das aulas debe facerse de xeito ordenado, sen gritos, carreiras nin empurróns.
- Non se pode entrar nas clases con gorras ou calquera indumentaria que poda distraer ao alumnado das súas obrigas dentro da aula.
- Dentro das aulas non se permite utilizar MP3, lectores de CDs, ou calquera aparato de música, imaxe ou entretemento, teña ou non auriculares.
- Dentro do recinto escolar só están permitidos os xogos autorizados que se atopan no IES a disposición do alumnado. Non se permiten xogos de cartas como póker ou derivados da baralla española.
- Non se poden colocar carteis de carácter sexista, xenófobo ou que conteña imaxes ou textos non apropiados para un centro de ensino. En caso de dúbida solicitar autorización ao profesorado ou equipo directivo.
- Durante as gardas o alumnado debe permanecer nas aulas. Non se pode estar no patio central nin saír ao exterior sen autorización da Xefatura de Estudos.
- Ó remate da última clase cada alumno debe colocar a súa cadeira enriba da mesa.
- O alumnado que asista ao centro en moto non poderá introducila no recinto escolar.
- O alumnado non poderá abandonar o recinto escolar no horario lectivo sen autorización. Só poderá saír acompañado dalgún familiar despois de asinar no libro situado na administración ou conserxería para tal efecto.
- Durante os recreos o alumnado non permanecerá nas aulas nin nos corredores.
- O alumnado que use o transporte escolar deberá descender do autobús de maneira ordenada e acceder de seguido ó recinto escolar sen demora. Non debe permanecer na dársena dos autobuses mentres estes manobran.

**Lembrar a obriga de obedecer as instrucións recibidas do persoal do centro e despois, se alguén está en desacordo, pode efectuar a protesta no ámbito e forma adecuadas.**

### **6.8.2. Asistencia e puntualidade.**

Considérase falta de asistencia á clase ou ausencia ao centro escolar a non presenza dun alumno ou dunha alumna nunha sesión completa de clase. As faltas de asistencia non debidamente xustificadas serán as que computen para a cualificación do posible absentismo. Para ser considerado **absentismo**, esta ausencia debe supor un mínimo do **dez por cento (10%) do horario lectivo mensual**.

O control da asistencia a clase do alumnado deberá realizarse diariamente por parte do profesorado da área, materia, ámbito ou módulo correspondente, quen rexistrará as posibles ausencias tanto no parte de aula (se o hai) como no XADE.

Seguindo instrucións expresas recibidas da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa:

- As nais, os pais e as persoas titoras ou gardadoras legais son as persoas responsables de comunicar previamente, sempre que sexa posible, a ausencia a clase da alumna/o. En calquera caso, as faltas de asistencia débense xustificar perante o profesorado titor de xeito documental e nun prazo máximo de dous días lectivos desde que se produza a reincorporación ao centro.
- Os centros educativos prestarán especial atención a aquelas ausencias que teñan lugar e que non foran comunicadas previamente, co obxectivo de evitar que se dean casos en que a alumna/o quede sen supervisión de persoas responsables. Con esta finalidade, as faltas de asistencia serán postas en XADE ao comezo de cada clase, para que a comunicación de falta de asistencia do alumnado chegue de forma inmediata á familia a través de Abalar. Se o profesorado de clase, ou profesorado titor tivera dúbidas da chegada da información á familia da falta de asistencia, deberá intentar comunicar coa familia o antes posible.
- Tanto a comunicación das ausencias como a xustificación das faltas pode realizarse a través de medios físicos ou dixitais-Abalar móbil ou outros medios.
- Cando unha alumna ou alumno falte a clase por mor de asistir á consulta médica, enfermidade ou indisposición será a nai, o pai ou a persoa titora ou gardadora legal quen xustifique documentalmente a falta de asistencia, **non sendo necesaria a presentación dun xustificante médico. Poderase solicitar unha xustificación complementaria (xustificante médico, no caso de enfermidade propia ou grave dun familiar de primeiro ou segundo grao ou documento acreditativo, no caso de deberes inescusables, presentación a exames ou morte de familiares de primeiro ou segundo grao ) no caso de que a inasistencia a clase sexa reiterada**

**no tempo (máis de 4 días ao mes) e ou haxa dúbidas razoables da imposibilidade ou de asistir a clase do/a alumno/a.**

- **Ante enfermidades ou doenzas crónicas do/a alumno/a a que impliquen faltas de asistencia de forma periódica, solicitarase informe médico que terá validez como máximo por un curso académico.**

É obrigatoria a asistencia puntual a tódalas clases. As familias, persoas titoras ou gardadoras legais xustificarán por escrito, no prazo dunha semana, calquera ausencia ó/á titor/a, aceptando este dita xustificación se a atopa razoable. O alumnado deberá recoller na Administración o impreso elaborado para este fin.

No caso de que a falta coincida coa celebración dalgún exame, ademais da xustificación diante da persoa titora recollida no punto anterior, o alumnado deberá xustificar a falta ao profesorado da materia implicada e solicitar unha data para a realización da proba.

Con carácter xeral, teñen a consideración de **xustificables** as seguintes faltas de asistencia a clase do alumnado:

- a) Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
- b) Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
- c) Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
- d) Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de **4 días ao mes**.
- e) Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

No caso de faltas de asistencia á clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepcionais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non. En todo caso, deberá garantirse o dereito á escolarización da alumna ou do alumno.

Serán consideradas faltas **non xustificables** as producidas por **viaxes de ocio ou vacacións** coa familia ou amizades.

O profesorado titor rexistrará, na aplicación informática de xestión académica (XADE), a xustificación das faltas de asistencia á clase do seu alumnado. Para corrixir as faltas de asistencia inxustificadas, segundo o xuízo da persoa titora, seguiremos os seguintes criterios:

1. Cando as faltas de asistencia a clase do alumnado presenten dificultades para a súa xustificación ou cando se alcancen as **8 faltas sen xustificar**, o profesorado titor convocará á familia ou ás persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha reunión, coa finalidade de analizar a situación que se está a producir e

- tratar de corrixila, evitando que se produza a apertura do expediente de absentismo.
2. Cando o profesorado titor verifique que unha alumna ou un alumno presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao dez por cento (10 %) do horario lectivo dun determinado mes propondrá, co visto e prace da dirección do centro educativo, o inicio dun expediente de absentismo e comunicará a situación á xefatura de estudos. O inicio dese expediente deberá realizarse, como máximo, dentro dos sete días naturais seguintes á data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual .

### **6.8.3. Faltas de asistencia por convocatoria de “ausencia colectiva” (folga estudiantil)**

**A.A** A folga do alumnado non está recollida explicitamente, senón que se pode interpretar como unha consecuencia do **dereito de reunión** recollido no **artigo 8 da Lei Orgánica do dereito á educación (LODE- L.O 8/1985**, modificado pola Disposición derradeira primeira, 5):da **LOE (L.O 2/2006)**:  
**«Co fin de estimular o exercicio efectivo da participación dos alumnos nos centros educativos e facilitar o seu dereito de reunión, os centros educativos establecerán, ao elaborar as súas normas de organización e funcionamento, as condicións en que os seus alumnos poden exercer este dereito. Nos termos que establezan as administracións educativas, as decisións colectivas que adopten os alumnos, a partir do terceiro curso da educación secundaria obrigatoria, con respecto á asistencia á clase non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción, cando estas fosen resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro.»**

**A.B** A Xunta de Galicia regulou a toma de decisións colectivas por parte do alumnado no **Título V do Decreto 324/96 polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos IES, a través da Xunta de Delegados (Artº 110º a 115º)**

**A.C** **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE CONVOCATORIA DE “AUSENCIA COLECTIVA” (FOLGA DE ESTUDANTES)**

#### **A.C.1 Participación na convocatoria a nivel individual.**

Calquera alumno/a pode participar a título individual nunha folga legalmente convocada. Nese caso haberá que distinguir:

**A.C.1.a** **Alumnos/as menores de 18 anos:** A comunicación de participación a título individual debe ser asinado polo alumno/a e polo seu pai/nai ou titor/a legal. **(Anexo I dispoñible en conserxería)**

**A.C.1.b** **Alumnos/as maiores de idade:** Debe presentar a comunicación antes citada **(Anexo I dispoñible en conserxería)** pero non necesita a sinatura

paterna.

***En calquera dos dous casos o alumnado deberá presentar o documento citado a un membro do equipo directivo e non deberá asistir ao centro. Este considerará que todo o alumnado que suba ao transporte escolar e/ou entre no recinto do centro non está en folga e terá as clases correspondentes, non podendo abandonar o centro ata que remate o seu horario escolar.***

**A.C.2 Participación na folga a nivel colectivo:**

**A.C.2.a** A decisión colectiva de non asistencia a clase para participar nunha folga tan só pode ser tomada polo alumnado a partir do 3º curso da ESO.

**A.C.2.b** En consecuencia, o alumnado de 1º e 2º curso da ESO non poderán tomar decisións colectivas con respecto á asistencia á clase e/ou á participación nunha folga. Tan só poderán **sumarse á folga a título individual** coa **autorización expresa do pai/nai ou titor/a legal**, tal e como se especificou no apartado anterior.

**A.C.2.c** Estas decisións colectivas non impiden que cada alumno/a, a título individual, poida **non secundar a convocatoria de folga** e asistir a clases con normalidade.

**A.C.2.d** Ante unha convocatoria de folga **dun ámbito superior ao propio centro**, a adhesión do alumnado á mencionada convocatoria será decidida en **assemblea**. A tal efecto serán convocadas assembleas en cada aula, das que será preciso **levantar acta que inclúa a relación de alumnos/as que se suman á citada convocatoria**. O delegado de cada un dos grupos deberá entregar ao equipo directivo, con **48 horas** de antelación ao día de folga, o seguinte documento:

**d.a)Copia da acta de cada grupo coa relación de alumnos/as no que figure o seu DNI e a sinatura individual de cada un deles. (Anexo II dispoñible en conserxería).**

**A.C.2.e** No caso dunha convocatoria de folga **no ámbito do propio centro**, este seguirá o procedemento referido anteriormente. Ademais a **Xunta de Delegados** deberá presentar ao equipo directivo un documento coa **exposición de motivos da convocatoria de folga**.

En calquera dos casos anteriores o centro **deberá informar por escrito** aos pais/nais ou titores legais de todo o alumnado **menor de idade** das seguintes cuestións: **(Anexo III)**

**A.C.3** As datas nas que o alumno/a menor de idade secundará a folga.

**A.C.4** Que nesas datas, co fin de non entorpecer o normal desenvolvemento das clases, o alumno/a **non deberá asistir ao centro**.

**A.C.5** Que no caso de que un alumno/a acudir ao centro non se lle terá en conta a súa decisión de participar na folga e deberá asistir a clase con normalidade.



#### 6.8.4. Faltas en ESA.

Na modalidade presencial de Educación Secundaria para Adultos o alumnado que acumule faltas sen xustificar poderá perder o dereito de avaliación continua.

- En tódolos ámbitos: cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 30% do horario establecido para tódolos ámbitos.
- Nun ámbito. Cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 10% do horario establecido ou cando o número de faltas xustificadas supere o 20% do horario establecido, segundo a seguinte táboa.

Periodicidade da materia/ámbito	FALTAS	
	Sen xustificar	Xustificadas
2 sesións semanais	3	7
3 sesións semanais	5	10
4 sesións semanais	7	14
5 sesións semanais	8	17
6 sesións semanais	10	20
8 sesións semanais	14	28

Ao alumnado que perda o dereito á avaliación continua informaráselle da posibilidade de trasladar a matrícula para cursar a educación secundaria a distancia.

#### 6.8.5. Saídas do alumnado do centro e do transporte.

No sobre de matrícula facilitarase un impreso para que as familias autoricen ao alumnado delas dependente, a que podan trasladarse só **desde o centro** ata o seu domicilio ao remate da xornada escolar ou de actividades extraescolares autorizadas. En caso de non asinar a autorización, unha vez rematada a xornada escolar ou a actividade extraescolar, terán 10 minutos para recoller ao alumnado. Pasado este tempo o profesorado de garda chamará aos números de contacto facilitados ao centro. En caso de non recoller ao alumnado pasado este tempo o alumnado será trasladado as dependencias da Policía Local ou Garda Civil para que o custodie ata que as familias pasen a recollelo.

En caso de que durante o curso non se exerza a obriga de recoller ao alumnado en catro ocasións comunicarase esta situación ao departamento de Asuntos Sociais do concello para que se valore a posibilidade de comunicalo ao Servizo Provincial de Menores.

No mesmo impreso as familias terán a oportunidade de autorizar ao alumnado para que se traslade só **desde a parada** ata o seu domicilio, en caso de non facelo o alumnado seguirá no

transporte se non é recollido por un membro autorizado pola familia. O alumnado non recollido permanecerá baixo a custodia da empresa encargada do transporte ata o remate da súa actividade diaria. Chegado este momento será trasladado ata as dependencias da Policía Local ou Garda Civil para que o custodie ata que as familias pasen a recollelo.

## **6.9. Condutas contrarias ás normas de convivencia.**

Teranse en consideración os actos contrarios ás normas de convivencia realizados ben no recinto escolar, ben durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, e incluso cometidos fóra do recinto escolar, cando estiveran motivados ou relacionados directamente coa vida escolar e afecten a membros da comunidade educativa.

De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 do decreto 8/2015.

Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas. O modelo e o procedemento para trasladar esa información e coordinar as actuacións pertinentes facilitarase de conformidade co establecido no artigo 28.2 deste decreto.

Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

- Ter carácter educativo e recuperador.
- Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
- Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

O alumnado que individual ou colectivamente ocasione danos de forma intencionada ou por negligencia nas instalacións ou material do Centro queda obrigado a reparar os danos causados ou ben a facerse cargo do custo económico da súa reparación. No caso de subtracción de bens deberán ser restituídos. En todo caso, os pais, nais ou titores legais do alumnado infractor serán responsables civís.

Cando o profesorado observe algún dano nas instalacións do centro o comunicará á dirección do centro para que se establezan os mecanismos para reparalos. O titor coidará que a aula permaneza no mesmo estado do comezo do curso e fará revisións periódicas para corrixir os desperfectos en canto se detecten.

Ningún alumno/a castigado/a pode permanecer só sen estar baixo a tutela dalgún profesorado. De ter que abandonar a aula terá que ser enviado á aula de convivencia segundo o procedemento que regula o seu funcionamento.

#### **6.9.1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.**

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos

informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

### **Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais**

- 1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:
  - a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
  - b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
  - c) Cambio de grupo.
  - d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
  - e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
  - f) Cambio de centro.
- 1. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da

comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

### **Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro.**

1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: **conciliado** ou **común**.

Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.

No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e indicará a apertura do procedemento corrector.

Nos artigos 47 ao 55 do decreto 8/2015 regúlanse os dous procedementos.

No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora que colaborará coa persoa instrutora para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes.

As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.

### **Aplicación das medidas correctoras.**

1. A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas no punto anterior de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III do decreto 8/2015.
2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

### **6.9.2. Condutas leves contrarias á convivencia.**

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) O uso do teléfono móbil dentro do recinto escolar e durante as actividades complementarias e extraescolares sen a previa autorización expresa de profesorado do centro.

Excepcionalmente, poderanse empregar os teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos como ferramentas pedagóxicas, sempre que esta utilización sexa supervisada polo profesorado.

Tamén se poderán empregar os dispositivos aos que se fai referencia neste apartado, por

cuestións de oportunidade ou necesidade, médicas ou de outra índole, sempre e cando o motivo estea xustificado e sexa autorizado pola dirección do centro ou, de non ser isto posible, polo profesorado.

- f) Sacar o ordenador portátil (Edixgal) da aula nos recreos sen previa autorización expresa de profesorado do centro.

### **Medidas correctoras.**

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### **Responsables da aplicación das medidas correctoras.**

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 deste decreto.
- b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a

xeatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 deste decreto.

- c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 deste decreto.
- d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

**O artigo 11 da Lei 4/2011 establece o seu punto terceiro: “El profesorado está facultado para requerir al alumnado, dentro del recinto escolar y también durante la realización de actividades complementarias y extraescolares, la entrega de cualquier objeto, sustancia o producto que porte y que esté expresamente prohibido por las normas del centro, resulte peligroso para su salud o integridad personal o la de los demás miembros de la comunidad educativa o pueda perturbar el normal desarrollo de las actividades docentes, complementarias o extraescolares. El requerimiento previsto en este apartado obliga a la alumna o alumno requerido a la inmediata entrega del objeto, que será depositado por el profesorado en la dirección del centro con las debidas garantías, quedando a disposición de la madre o padre o de la tutora o tutor, si la alumna o alumno que lo porta fuese menor de edad, o de la propia alumna o alumno, si fuese mayor de 18 años, una vez terminada la jornada escolar o la actividad complementaria o extraescolar, todo ello sin perjuicio de las correcciones disciplinarias que pudieran corresponder.”**

#### **Solicitud de revisión e execución de medidas.**

1. O alumnado ao que se lle apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.



## **6.10. Normas para o uso de espazos e recursos.**

Tal como se contempla no apartado de normas de convivencia, tódolos membros da Comunidade Escolar respectarán os espazos e recursos do Centro seguindo as seguintes recomendacións para cada un deles.

Os recursos do IES están a disposición de toda a comunidade educativa coa restrición de que sempre debe priorizarse a súa utilización para labores docentes dentro do horario lectivo fronte a calquera outro uso que se lle queira dar.

O profesorado do centro poderá solicitar a utilización fóra do IES dos recursos audiovisuais ou informáticos do centro coa antelación suficiente que permita comprobar que non interfira con ningunha actividade docente. De ser isto posible, poderá levar o dispositivo solicitado tras rexistrarse no libro depositado na conserxería e sendo o responsable do mesmo ata a súa devolución.

### **6.10.1. Aulas do programa EDIXGAL.**

Coa incorporación do IES ao Programa Edixgal e a conseguinte introdución do uso dos ordenadores e medios audiovisuais nas aulas, consideramos oportuno redactar unha normativa específica.

#### **Condições de uso.**

Tendo en conta que o alumnado ten asignado un equipo rexistrado co correspondente número de serie, deben identificalo dun xeito cómodo etiquetándoos co nome de cada un. O alumnado e as súas familias son os responsables da súa utilización e coidado segundo o compromiso asinado coa Consellería e estando suxeitos ás normas xerais de uso de calquera dos elementos cos que está dotado o centro.

O alumnado pode levar o equipo para o seu domicilio, e polo tanto débese exercer un control exhaustivo para que, desde o centro, poidamos saber se un equipo está ou non na aula.

Para isto acordouse que o alumnado que leve o equipo para a casa rexistre este feito no formulario da aula. Todo o alumnado que leve o ordenador para o domicilio ten a obriga de traer o equipo coa batería cargada, ao centro o seguinte día lectivo, sendo o primeiro docente que teña clase nesa aula o que verifique que non falta ningún equipo.

O alumnado non pode sacar os equipos da aula sen autorización expresa do profesorado.

Cada alumno/a será responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas e arquivos da súa conta, velando polo seu orde e a súa conservación.

### **Condutas sancionables.**

Ademais das consideradas con carácter xeral para o uso do material audiovisual e informático serán sancionables os seguintes actos:

O incumprimento de calquera das condicións de uso indicadas no punto anterior.

Modificar a configuración do sistema operativo e violar as restricións que teña o portátil. A utilización da conta ou do equipo doutra persoa.

Calquera mal uso ou intento de danar equipos, materiais, datos ou programas.

Están prohibidos os intentos de ver, copiar, modificar ou interferir o correo electrónico ou os ficheiros doutros usuarios.

Deberase empregar unha linguaxe apropiada; as palabras malsoantes, os insultos racistas e calquera outra expresión inadecuada están prohibidas e serán obxecto das correccións disciplinarias.

Transmitir ou ver imaxes obscenas ou material ilegal. Revelar información persoal.

A falsificación ou o seu intento.

### **Sancións aplicables.**

Calquera das recollidas nos apartados 6.9.1 e 6.9.2, en función da gravidade dos feitos.

## **6.10.2. Normas para a utilización da biblioteca.**

### **6.10.2.1. Normas básicas.**

**Non** se permite o uso da biblioteca por parte do alumnado **sen a presenza de profesorado responsable.**

É obrigatorio gardar silencio e mostrar respecto ás persoas usuarias da mesma en todas as zonas da biblioteca.

Non se permite introducir comidas ou bebidas na biblioteca.

É obrigatorio respectar e conservar as instalacións, mobiliario e fondos documentais. Está prohibido subliñar, pintar ou esgazar deliberadamente calquera dos seus elementos.

A extracción sen autorización da biblioteca de calquera documento suporá a aplicación das sancións correspondentes.

Os usuarios non poden alterar a disposición dos mobles.

No caso de perda ou estrago dalgún material da biblioteca haberá que repoñelo.

O incumprimento das normas de funcionamento implicará a perda do dereito ao seu uso por un período que determinará a persoa encargada da biblioteca.

#### **6.10.2.2. Servizo de préstamo.**

É necesario presentar o carné da biblioteca para acceder ó servizo de préstamo.

Os libros pódense coller directamente dos andeis, sen altera-la orde na que están dispostos, pero hai que devolvelos á mesa do profesor que o colocará no seu sitio.

O prazo de préstamo de libros é de 15 días, renovable unha vez, podendo levarse ata dous libros ao mesmo tempo.

Os materiais audiovisuais poderanse levar durante 7 días, non renovables, e un só exemplar cada vez. O alumnado que supere en 15 días o prazo de devolución recibirá un aviso na súa titoría. De non proceder á devolución aos 30 días de rematar o prazo recibirá un apercibimento de sanción por parte da Dirección do centro.

#### **6.10.2.3. Uso dos ordenadores.**

Para poder usar os ordenadores hai que anotarse na folla disposta a tal efecto, indicando o nome completo e a clase.

Se un usuario non aparece nos 5 primeiros minutos a reserva quedará cancelada.

#### **Está totalmente prohibido modificar a configuración dos equipos informáticos.**

Os ordenadores están para consultar o catálogo da biblioteca, para realizar buscas en internet ou para consultar o correo electrónico.

#### **Está prohibido usalos para xogos, chat ou para uso de materiais audiovisuais que non sexan da biblioteca.**

Terá prioridade para usar os ordenadores o alumnado que presente informe dalgún profesor para realizar traballos académicos, sempre que se realice cunha antelación mínima de 48 horas.

Para poder usar a impresora é necesario solicitar autorización ao profesorado presente nese momento.

#### **6.10.3. Normas para a utilización das aulas de informática.**

**Non** se poderá usar a aula informática **sen a presenza de profesorado responsable**. Por seguridade non está permitido introducir comidas nin bebidas na aula.

Para a utilización desta aula fóra das horas fixas asinadas ao comezo de curso haberá que apuntarse na folla de reserva con anterioridade.

O profesorado de garda que use a aula de informática deberá anotarse no rexistro e

explicar ao alumnado as normas de funcionamento se non son usuarios/as habituais.

O alumnado que use cada ordenador deberá anotarse na folla disposta a tal efecto, indicando a hora o nome completo e o curso.

#### **Está totalmente prohibido modificar a configuración dos equipos informáticos.**

Será sancionado o uso dos ordenadores para acceder a páxinas de contido pornográfico, racista ou violento.

Non está permitido o uso dos ordenadores para a realización de descargas ilegais e actividades fraudulentas do mesmo tipo.

Para poder usar a impresora é necesario solicitar autorización ao profesorado presente nese momento.

#### ***6.10.4. Normas para o uso da sala de usos múltiples.***

**Non se poderá usar a sala de usos múltiples sen a presenza de profesorado responsable.**

O material audiovisual fixo situado nesta sala non poderá sacarse da mesma sen autorización do equipo directivo.

Para poder usar esta sala é necesario facer a reserva con anterioridade no libro que se atopa na sala do profesorado. Se está libre e non se fixo a reserva poderá usarse anotándose nese momento.

Para usar os medios audiovisuais é necesario coñecer con anterioridade o seu uso correcto.

Non se debe permitir ao alumnado manipular os equipos nin cambiar a distribución do mobiliario. Terá prioridade o seu uso para actividades complementarias ou organizadas por interese xeral.

#### ***6.10.5. Normas para o emprego do material audiovisual e informático portátil.***

Non deberá modificarse a configuración destes equipos sen autorización.

Para poder usar o material portátil haberá que rexistrarse no libro correspondente situado na sala de profesorado con anterioridade.

Fóra do horario lectivo poderá sacarse este material do centro, o menor tempo posible, sempre que non estea previsto a súa utilización e tras anotarse no libro depositado na conserxería. O portador será responsable do mesmo ata a súa devolución.

#### ***6.10.6. Normas para a utilización do servizo de reprografía.***

Teñen preferencia absoluta os traballos administrativos e os dos Departamentos.

Dado o uso, cada vez máis estendido destes servizos, deberanse facer os encargos coa antelación suficiente para evitar a saturación dos equipos.

As fotocopias e multicopias encargadas para xestión ou para os Departamentos deberán anotarse no libro depositado en cada máquina.

No caso das copias particulares o prezo de cada fotocopia establecerase a primeiros de cada curso escolar de xeito que cubra tódolos gastos.

#### **6.10.7. Normas para o uso do material e instalacións deportivas.**

O ximnasio e o material nel depositado están ao cargo do profesorado de Educación Física e non é de uso xeral.

O material situado na conserxería poderá ser solicitado polo alumnado, sendo a responsabilidade do alumno/a que o pida a súa devolución en perfecto estado. Non se pode coller sen permiso e sempre obedecendo as instrucións dadas polos conserxes.

Na utilización da pista polideportiva exterior terá prioridade o seu uso para competicións organizadas pola Xefatura de Estudos.

#### **6.10.8. Normas para o funcionamento da cafetería.**

As normas que regulan o funcionamento e utilización da cafetería son as que se recollen con carácter xeral para o IES e están contempladas en distintos apartados deste Plan.

Dentro da cafetería, o alumnado respectará e acatará as instrucións dadas polo persoal que a atenda nese momento.

O alumnado só poderá usar a cafetería no tempo de descanso. Non poderá consumir nin mercar ningún produto entre clases nin unha vez que soe o aviso para entrar nas aulas.

O horario, prezos e renovación do contrato será aprobado anualmente polo Consello Escolar.

#### **6.10.9. Normas para a utilización por asociacións ou institucións externas.**

Respecto ao préstamo das instalacións e recursos do IES considérase que os medios de que dispón o Centro deben ser optimizados e han de pórse ao servizo do entorno, coa única condición de que se faga un uso adecuado das mesmas.

Polo tanto, dentro das nosas posibilidades e da lexislación vixente, poderanse prestar as instalacións e os recursos ás asociacións de todo tipo, legalmente constituídas e recoñecidas.

Para isto, a asociación, por medio do seu representante, fará unha solicitude por escrito, dirixida ao Consello Escolar, na que manifestará con claridade a actividade a realizar e comprometerase facéndose responsable de calquera incidencia ou dano que se puidera causar.

## **7. DIFUSIÓN DO PLAN ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.**

O presente documento será publicado na páxina web do centro, dentro do apartado "O centro>Normativa>Documentos do centro", para que poida ser consultado por toda a comunidade educativa. Nas reunións iniciais coas familias indicárase onde pode ser consultado e explicáranse os aspectos máis relevantes do mesmo.

Aproveitaranse as titorías co alumnado para dar a coñecer este documento e que o alumnado entenda que as normas de conduta foron elaboradas tras consultar a todos os membros da comunidade educativa e que non son cuestións persoais de cada profesor/a.

## **8. MECANISMOS DE AVALIACIÓN DO PLAN**

Para a avaliación do funcionamento deste Plan teremos en conta as observacións de todos os órganos colexiados que se reúnen, cando menos, con carácter trimestral como son as Xuntas de Avaliación, a CCP, o Claustro de Profesorado, Comisión de Convivencia e o Consello Escolar.

Un indicador do estado da convivencia será o número de Partes de incidencia realizados e o alumnado derivado á aula de convivencia.

A presente revisión do Plan de Convivencia foi elaborado e debatido durante o curso 2023-24, sendo aceptado finalmente na sesión do Claustro de profesorado do día 7 de novembro de 2023 e aprobado na sesión do Consello Escolar celebrada o 13 de novembro do 2023.

Entra en vigor dende o día seguinte a súa aprobación polo Consello Escolar.

Na Serra de Outes a 6 de novembro de 2023

A DIRECTORA

Asdo.: María Xosé Alfonso Torres